

ANEXO

PRIMEIRO. TARIFA

1.—Establecemento da cota para a Gardería Infantil

Renta per capita familiar	mes cota + comida	total ptas.
Menos de 20.000 ptas/mes	Exento de pago	0.-ptas
De 20.001 a 30.000 ptas/mes	3.000 + 2.000 ptas	5.000.-ptas
De 30.001 a 40.001 ptas/mes	4.500 + 2.000 ptas	6.500.-ptas
De 40.001 a 55.000 ptas/mes	6.000 + 2.500 ptas	8.500.-ptas
de 55.001 a 70.000 ptas/mes	8.000 + 3.000 ptas	11.000.-ptas
De 70.001 a 85.000 ptas/mes	11.000 + 3.000 ptas	14.000.-ptas
de 85.000 en adelante, ptas/mes	12.500 + 3.000 ptas	15.500.-ptas

2.—Residencia da Terceira Idade

Liquidación de estancias na Residencia da Terceira Idade:

- Dende o momento do seu ingreso os Residentes participarán na financiación do custe das súas estancias, cunha aportación correspondente ó 75% da totalidade dos seus ingresos líquidos anuais precibidos, exceptuando o importe en concepto de pagas extraordinarias.
- Nos supostos de matrimonio ou persoas unidas maritalmente realizarase unha soa liquidación conxunta a nome do que suscriba a solicitude de ingreso.
- En períodos de ausencia do Centro por permisos ou internamentos en Centros Hóspitalarios, os beneficiarios aboarán ó Centro o 40% dos seus ingresos líquidos durante o período, co límite máximo do 75% do custe real da praza segundo a tipoloxía.
- Os residentes que non teñan ningún tipo de ingresos estarán exentos do pago por calquera concepto.

SEGUNDO. Data de aprobación.....14/01/99

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servicios de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. PERCEPCION

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servicios ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixilo depósito previo.

ARTIGO 8º. LIQUIDACION

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación para o primeiro período de liquidación, nos sucesivos liquidarase ó inicio de cada período de liquidación, en calidade de depósito previo (os períodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa: días, meses, curso académico, etc.)
- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servico ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servico ou realizada a actividade en cada un dos períodos de liquidación (días meses, curso, etc., consonte o disposto na tarifa da taxa).
- Se se realiza a prestación do servico ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9º. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou da realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou da realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

ARTIGO 10º. INFRACCIONS E SANCIONS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO**PRIMEIRO. TARIFA.****Alumnos oficiais (Plan 1.966)**

-Inscripción por primeira vez	5.000.-ptas
• Disciplinas soltas	15.000.-ptas
• Carné	250.-ptas
• Familia numerosa de honra	gratuita
• Familia numerosa de primeira	6.500.-ptas
• Familia numerosa de segunda	3.500.-ptas

Alumnos Oficiales (Plan LOGSE)

• Curso Completo grao elemental	25.000.-ptas
• Inscripción por primeira vez	2.500.-ptas
• Curso completo grao medio	40.000.-ptas
• Proba acceso grao medio	10.000.-ptas
• Familia numerosa de honra	gratuito
• Familia numerosa de primeira. Grao medio	15.000.-ptas
• Familia numerosa de primeira. Grao elemental	10.000.-ptas
• Familia numerosa de segunda. Grao medio	8.000.-ptas
• Familia numerosa de segunda. Grao elemental	6.000.-ptas
• Carné	250.-ptas
• Cota mensual única	2.000.-ptas

SEGUNDO. OUTRAS NORMAS ESPECIAIS DE XESTION.

Primeiro.— Obxecto e fundamento.

Considéranse servicios incluídos no ámbito de aplicación do presente acordo as ensinanzas musi-

cais impartidas no Conservatorio Elemental de Música de Pontearreas de conformidade coa Regulamentación Xeral de Conservatorios, así como outros cursos e ensinanzas que organice o Concello no exercicio das súas competencias educativas polas que establezcan dereitos de matrícula.

Segundo.— Nacemento da obriga.

A obriga de contribuir nace da utilización e prestación con carácter voluntario, dos servicios municipais de ensinanzas especiais mencionadas.

A Taxa aboarase coa formalización das correspondentes matrículas para o ano escolar ou curso que se imparta.

Terceiro.—Obrigados ó pagamento.

Estarán suxeitos ó pagamento da Taxa os alumnos que se matriculen nos cursos.

Cuarto.—Cuantía.

- 1) Para as ensinanzas musicais reguladas impartidas no Conservatorio terase en conta, para a determinación das bases, se se trata da primeira matriculación ou non, e os cursos e graos nos que os alumnos se matriculen, así como se se trata de matrícula oficial ou libre.
- 2) Para os demais cursos establécese un módulo base e mínimo en función das horas lectivas, ou tope máximo da taxa nestes supostos será o resultado de dividir o custe total do curso polo número de inscricións establecido.
- 3) A estrutura e cuantía desta Taxa será a que se reflexa no Anexo.
- 4) Terán dereito a unha redución do 90% do precio público do Conservatorio as persoas beneficiarias do carné de familia numerosa de 2ª categoría e honra, os beneficiarios do carné de familia numerosa de 1ª categoría terán dereito á redución do 50% e todo elo en virtude do art. 45.3 da Lei de Facendas Locais.

Quinto.—Normas de Xestión.

- 1) A matrícula e os demais dereitos aboaranse dunha soa vez ó realizar a inscrición, recibindo o interesado o correspondente recibo acreditativo.

Cando a matrícula se realice fóra do prazo ordinario para formalizala aplicarase un recargo do 100 por 100.-

- 2) Para o curso dos alumnos oficiais do Conservatorio que se matriculen para un mesmo curso de dous ou máis asignaturas o Concello poderá establecer un sistema de pago fraccionado.

TERCEIRO. Data de aprobación.....14/01/99

Pontearreas, 9 de febreiro de 1999.—O Alcalde,
José Castro Alvarez.

1792

ANUNCIO